

SACANDO CHAPAPOTE A GOLPE DE ESCAVADORA

A comezos desta semana, desde a Oficina do Voluntariado de Carnota pediron voluntarios. Hai moito fuel para retirar, e o barco segue botando ó mar a súa carga. De diversos puntos da Costa da Morte chegan mensaxes nese mesmo sentido.

En concreto, as mareas vivas deixaron ó descuberto grandes cantidades de fuel en Fisterra. Son toneladas e toneladas xa non tapadas pola area, ben á vista de todo o mundo. As empresas contratadas pola Administración estano a recoller estes días. E fano utilizando maquinaria pesada.

Calquera ambientalista, calquera coñecedor dos ecosistemas costeiros sabe unha cousa: que utilizar escavadoras para mover grandes cantidades da area dunha praia é causa de moi serios danos para a vida que alí se encontra; calquera persoa pode entender, por outra banda, a gravidade que revisten eses danos para a paisaxe, un valor intrínseco en si, pero con outro valor económico engadido en zona turística coma esa, coma calquera parte da costa galega.

O que están facendo estas empresas na praia do Rostro non é “comprensible”, segundo ADEGA. É unha maneira de dicilo, pero o certo é que resulta doado de entender: para o partido no poder, en plena campaña electoral parece imprescindible eliminar rapidamente o corpo do delicto. Despois, xa se verá.

Fronte a tales intereses, políticos e concretos, NM mantén o reclamo do interese do país: hai que elimina-la fonte do mal (o *Prestige* afundido) e recolle-lo fuel dunha maneira razoable: medios abundantes e non agresivos, e persoal numeroso. Como o Goberno non o fornece, fagámonos eco do berro que chega desde a costa: ¡CÓMPREN VOLUNTARIOS!

O PEDRÓN DE OURO

Recibímolo o día 18 en Padrón. Foi mantedor do acto Ernesto Sánchez Pombo, e o acto constituíu un auténtico encontro da Plataforma co mundo da cultura. Quedamos especialmente honrados, ademais de pola distinción, pola consideración manifestada de parte de John Rutherford, o Pedrón de Honra deste ano. Recolleron o Pedrón, por nós, Jairo de Malpica e Esther Rivas, a coñecida mariscadora de Cabo de Cruz. Mellor representación dificilmente a podería haber.

Máis de 200 persoas asistiron ó xantar que se celebrou a continuación. Faláron representantes da Plataforma e diferentes persoeiros, entre eles os escritores Xosé Luís Méndez Ferrín e Bernardino Graña. Isaac Díaz Pardo regalou, persoalmente, unha medalla conmemorativa da celebración, feita na honra da dignidade do povo galego, que saíu defende-lo seu mar. En actos coma estes sentímonos parte dunha colectividade digna que reclama o seu lugar no conxunto dos povos e que deixa oír a súa voz esixindo ser respectada. Sentímonos galegos.

OS PESADELOS DE FRAGA

No seu mitin de Muxía, Manuel Fraga Iribarne tivo a ben lembrarse de nós. Chamou a vota-lo PP para “acabar coa trapallada de *Nunca Máis*”, e repetiu as súas coñecidas trapalladas sobre a xestión do *Prestige* avariado e as “solucións “ para o *Prestige* afundido. As estimacións de Fraga sobre este tema xa non deben merecer comentario, pero se pretende, como parece, desfacerse de nós a partir do día 25, contestarémolle cunha frase

das que prodiga o seu superior,
José M^a Aznar: que perda toda esperanza.

